



## **CONVENIO PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA XURÍDICA POLA ASESORÍA XURÍDICA DA XUNTA DE GALICIA Á XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR,S.A.**

En Santiago de Compostela a 21 de febreiro de 2014

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Manuel Pillado Quintáns, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, no nome e representación desta, comparece por razón do cargo que ocupa, en virtude do Decreto 261/2012, de 27 de decembro e facultado para este acto en virtude das competencias que a vixente lexislación lle atribúe (Decreto 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Doutra parte, Don Teresa M<sup>a</sup> Gutiérrez López, Presidenta do Consello de Administración da compañía "XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR.S.A" (en diante XESTUR) cuxo nomeamento e aceptación constan en escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela D. Héctor R. Pardo García baixo o 3 de xaneiro de 2014, baixo o número 2 do seu Protocolo. Actúa en representación da precitada entidade, debidamente facultada para este acto por acordo do Consello de Administración da sociedade de data 12 de febreiro de 2014

### **MANIFESTAN**

**Primeiro.-** XESTUR, é unha empresa pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con participación maioritaria da Xunta de Galicia, constituída baixo a forma xurídica de sociedade anónima.

A actividade de Xestur vai dirixida á promoción e xestión de solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio galego, coa finalidade de garantir a utilización do solo dacordo co interese xeral.



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 25Z - 1º Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com



**Segundo.-** A Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é o centro directivo que ten atribuídas as competencias de asesoramento xurídico e de representación e defensa en xuízo da comunidade autónoma, dos seus organismos autónomos e das entidades de Dereito Público que dela dependen, así como, previa a formalización do correspondente convenio para a prestación da asistencia xurídica, dos entes, sociedades e fundacións públicas e os consorcios e calquera entidade con participación significativa da Xunta de Galicia, todo isto de conformidade co Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (DOG núm. 153, de 8 de agosto de 2003). A estes efectos, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia dispón dos elementos persoais e medios materiais adecuados para prestar a asistencia xurídica referida.

**Terceiro.-** XESTUR está interesada en que a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia lle preste asistencia xurídica, coa mesma extensión e nos mesmos termos que lle presta á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Cuarto.-** Co fin de regular as condicións de prestación desa asistencia xurídica na forma prevista no ordenamento xurídico, os comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto.

De conformidade co establecido polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia prestará asistencia xurídica a XESTUR por medio dos letrados e letradas integrados naquela. A asistencia xurídica comprenderá tanto o asesoramento xurídico como a representación e defensa ante calquera xurisdición e



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 25Z - 1º Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com



XESTUR

galicia

ordes xurisdicionais, nos mesmos termos previstos para a asistencia xurídica á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A asistencia xurídica á que se refire este convenio non suporá relación laboral nin funcional entre a empresa pública e os letrados da Xunta de Galicia que lle presten a súa asistencia xurídica, que manterán a súa dependencia funcional e xerárquica da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

### **Segunda.- Supostos especiais.**

A empresa pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. poderá concertar contratos de asesoramento xurídico ou de representación e defensa en xuízo con avogados ou procuradores externos naqueles casos excepcionais en que así o acorden os órganos de dirección da empresa, por razóns de conveniencia ou oportunidade debidamente motivadas.

A asistencia xurídica fornecida pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia non se prestará por medio dos letrados ou letradas integrados nesta cando exista contraposición entre os intereses de XESTUR e os da Comunidade Autónoma de Galicia, e así sexa valorado pola Comisión de Seguimento. Nese caso, XESTUR será asesorada, representada e defendida por avogado e, de ser o caso, procurador especialmente designados para o efecto, conforme ás normas procesuais comúns.

### **Terceiro.- Materia excluída**

O presente convenio non cubre as labores ordinarias de administración ou preparación de expedientes ou escritos que lle correspondan aos órganos xestores da entidade ou propios de órganos ou servizos de carácter técnico-xurídico que poidan estar integrados nela.



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 252 - 1º Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com



XESTUR

galicia

#### Cuarto.- Procedemento de colaboración

Cando XESTUR interese a asistencia xurídica en relación coa emisión de informes ou co exercicio de accións xudiciais, o órgano competente do mesmo remitirá a solicitude ao/á Director/a Xeral-Xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, letrado/a ou órgano da Asesoría que este/a designe, cumprindo o disposto no artigo 25, no caso de informes, e 36, no caso de exercicio de accións xudiciais, do Decreto 343/2003, xa citado, no que lles sexa aplicable.

Cando se pretenda a asistencia xurídica en relación a asuntos litixiosos nos que a empresa pública sexa demandada perante os tribunais de xustiza, remitirase a copia do primeiro escrito procesual coa solicitude de asistencia ao/á Director/a Xeral-Xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, letrado/a ou órgano da Asesoría que este/a designe.

#### Quinta.- Vixencia

Este convenio entra en vigor dende o momento da súa sinatura.

Sen prexuízo do indicado no apartado anterior, o presente convenio ten duración indefinida, salvo que dentro dos tres meses anteriores á finalización de cada período anual de vixencia algunha das partes desista do convenio mediante comunicación escrita á outra parte.

#### Sexta.- Compensación de gastos

1) Como compensación polo servizo de asistencia xurídica, a empresa pública satisfará á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade anual de **DOCE MIL EUROS (12.000 €)**. Tal ingreso se efectuará en dous prazos, o primeiro, nos cinco primeiros días de marzo e o segundo, nos cinco primeiros días de maio.



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 25Z - 1º Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: [unidade.central@xesturgalicia.com](mailto:unidade.central@xesturgalicia.com)



A cantidade global antes indicada ingresarase na conta 2080.0300.87.3110063172, de titularidade da Xunta de Galicia, Tesouro da Comunidade Autónoma. Nas cartas de abono que se estendan a favor da conta consignada, serán de obrigatoria expresión os seguintes apartados:

- Ordenante: XESTUR, S.A
- Sección: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Concepto: Pagamento Convenio Asistencia Xurídica

O importe anteriormente sinalado poderá incrementarse durante a vixencia do presente convenio, en atención ao volume de asuntos tramitados pola Asesoría Xurídica Xeral e sempre que medie acordo entre as partes asinantes.

En caso de prórroga do convenio, as cantidades indicadas poderán ser revisadas de acordo co IPC anual galego, todo iso sen prexuízo de que se poidan actualizar en función das circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

2) XESTUR aboará os gastos ao letrado ou letrada actuante que se produzan por razón dos seus servizos, nos termos establecidos no Decreto 144/2001, do 7 xuño, de indemnizacións por razón do servizo do persoal da Xunta de Galicia (DOG núm. 122, de 25 de xuño), ou a norma que a substitúa, en todo aquilo en que sexa aplicable.

3) No caso de ser condenada XESTUR ao pago das custas do proceso xudicial, estas serán abonadas con cargo aos seus orzamentos. As custas xudiciais que se liquiden pola actuación profesional dos letrados da Xunta de Galicia, e estean efectivamente ingresadas no ente asistido, corresponderán á entidade na cantidade precisa para cubrir os custos derivados do presente convenio para a entidade asistida. O sobrante corresponderá ao tesouro público autonómico.

Aos efectos da presente cláusula, a entidade abonará as custas xudiciais adversas e ingresará as custas xudiciais liquidadas ao seu favor. Polo que se refire ás custas liquidadas ao seu favor, ao final de cada período anual de vixencia do convenio a



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 25Z - 1º Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com

entidade asistida deberá efectuar un ingreso no tesouro autonómico polo importe que exceda do custo do presente convenio para a entidade, facendo constar como concepto do ingreso "liquidación de custas" e a denominación do presente convenio.

#### **Sétima.- Comisión de seguemento.**

Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase unha comisión de seguemento integrada polo Director/a Xeral-Xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, Letrado/a que este/a designe, e por un representante designado por XESTUR.

Esta comisión poderá ditar as súas normas internas de funcionamento e terá entre as súas funcións:

- 1) Interpretación do Convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ao mesmo.
- 3) A avaliación do volume de traballo realizado por parte da Asesoría Xurídica.

#### **Oitava.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- 1) Mutuo acordo dos asinantes.
- 2) O incumprimento grave das obrigas polas partes asinantes do convenio.
- 3) Calquera outras causas de resolución que sexan recollidas no ordenamento xurídico.

#### **Novena.-Natureza do Convenio**

O presente acordo ten natureza administrativa. As eventuais discrepancias que poidan xurdir entre as partes derivadas da execución do convenio resolveranse, de ser posible, pola comisión de seguemento e, en caso contrario, de acordo coas regras que rexen os conflitos de atribucións.





galicia

**Décima.- Publicidad.**

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma e XESTUR prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral

Manuel Collado Quintans



Presidenta de Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA

Teresa, M<sup>a</sup> Guzmán López



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.  
Area Central Local 25Z - 1<sup>o</sup> Andar  
Polígono As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Tel. 981 541 949 - Fax 981 541 985  
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com